

Manifestación pola liberdade de Laura

A CGT de Pontevedra convoca unha manifestación para esixir a inmediata posta en liberdade da nosa compañeira Laura Gómez, secretaria de organización da CGT de Barcelona, que permanece encadeada inxustamente, baixo falsas acusacións, pola súa participación na Folga Xeral do pasado 29 de marzo. A manifestación terá lugar o vindeiro sábado, día 19 de maio, ás 12:00, con saída dende a Subdelegación do Goberno, na Alameda, trala entrega das firmas de solidariedade con Laura recollidas en Vigo e Pontevedra nos últimos días. Para difundir a convocatoria da manifestación organizaránse, entre outras accións, sendos "Puntos de Información da CGT-Pro Laura Gómez", na Praza da Peregrina, o xoves 17 de maio, ás 12:00 h e o venres, 18 de maio, ás 19,30 h. CGT-Pontevedra